

**Beariz**



**Triatlón**

---

Avda. Compostela nº 59 32500 O Carballiño (Ourense) . C.I.F.: G32379190 Tlf. 676185528

## **A V I A M A N 2016**

### **VI COPA DEPUTACION OURENSE TRIATLON** **PROBA CON DRAFTING PERMITIDO**

#### **R E G U L A M E N T O**

##### **Organiza:**

AXA AXENCIA GARRIGA – BEARIZ TRIATLON  
Email: carballinotriatlon@gmail.com  
Persoa de contacto: Floro González González  
Teléfono:676185528  
Federación Galega de Triatlón

##### **Patrocina:**

Deputación de Ourense

##### **Colaboran:**

MTC BICICLETAS Lugo  
CICLI&CO Lalín  
DE LA FUENTE BIKES Porriño  
CHURRERIA ISA O Carballiño  
Secretaría Xeral Para o Deporte –Xunta de Galicia

##### **Data e horarios da proba:**

Domingo 12 de xuño de 2016  
Saída proba 09:00 (de haber máis de 25 mulleres fariáanse dúas saídas)  
Hora de finalización da proba: 14:30 horas

##### **Distancias:**

*1,2 km de natación (2 voltas) – 65km de bicicleta (1 volta) – 14km de carreira a pé*

##### **Inscripcións:**

**Dende o 1 de novembro de 2015 ata o 07 de xuño de 2016**

**Beariz**



**Triatlón**

---

Avda. Compostela nº 59 32500 O Carballiño (Ourense) . C.I.F.: G32379190 Tlf. 676185528

**125 PRAZAS**

**Prezos:**

\*70 €

O deportista poderá obter o reintegro de parte da inscrición (55 euros) ata o 29 de maio (penalizarse con 15 euros).

**\*Deportistas populares:**

Este prezo **incrementaranse en 12€** en concepto licenza dun día para o deportista que non posúa licenza federativa en vigor (normativas 2015).

NOTA.- Segundo os acordos da Asemblea Xeral respecto ás normativas de 2016, se este importe diminuíra, devolveríase a diferenza.

**Data límite: o martes 07 de xuño do 2016.**

.- Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo. Todas serán confirmadas na web.

.- Toda a documentación debe estar na Federación antes de rematar o prazo de inscrición.

.- A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións /Inscricións.

**Federados .-**

Unha vez na carreira accederán cos códigos xa enviados a clubs e independentes, no apartado inscricións á dereita da mesma. **A inscrición formalizase co envío do xustificante de pagamento a nome do club (no caso de deportistas que pertencen a club) ou deportista se é independente.**

**Prezo 70€**

Nº conta Federación Galega de Tríatlón e P.M.

Banco Sabadell ES37 0081 5223 16 0001338040

**Licencias 1 día:**

Unha vez que acceda á carreira realizarase a introdución de tódolos datos no formulario de inscrición que se abre á dereita da carreira (inscricións de licenzas de 1 día)

**Formalizase enviando (Xustificante de pagamento ao seu nome ) ao fax 982109800 ou mail [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)**

**\*A copia do DNI debe xuntarse ó cubrir o formulario de inscrición e será validada dende a Federación.**

**Total Abono 82€** (Custe licenza de 1 día de \*12 € + 70€ Inscrición )

Nº conta Federación Galega de Tríatlón e P.M.

Banco Sabadell ES37 0081 5223 16 0001338040

**Beariz**



**Triatlón**

---

Avda. Compostela nº 59 32500 O Carballiño (Ourense) . C.I.F.: G32379190 Tlf. 676185528

*“**Federados con licencia de otra comunidad** que no hayan abonado la inscripción de participación en los circuitos, deberán enviar el formulario de solicitud de invitación que pueden descargar de la web de la Federación Galega.*

*A continuación indicamos el enlace*

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2013/04/solciitude-invitation-corredores-outras-comunidade1.pdf>

*Una vez que la Federación Galega comprueba la licencia, el deportista procederá a la formalización de la inscripción enviando el justificante del ingreso de la cuota por fax 982109800 o mail [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)*

**Unha vez formalizada a inscrición remitirase correo electrónico a [carballinotriatlón@gmail.com](mailto:carballinotriatlón@gmail.com), co nome, apelidos e talla da camiseta.**

**Tempos de corte:**

**O deportista terá que ter rematada a proba as 14:30h, en caso contrario quedará eliminado**

**Saída, boxes e meta:**

Saída na área recreativa Ponte Esperela en Leiro.

Meta: na área recreativa Ponte Esperela en Leiro.

**Recollida de dorsais:**

En liña de saída.

O día da proba de 06:30 as 08:00 da mañá

**Reunión técnica:**

As 08:35 h do día da proba ao lado da secretaría na área recreativa Ponte Esperela.

**Control de material:**

A partires das 07:30 ata 08:30h.

**Categorías:**



---

Avda. Compostela nº 59 32500 O Carballiño (Ourense) . C.I.F.: G32379190 Tlf. 676185528

ABSOLUTA
VETERANOS
SUB 23

**Premios:**

- Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.
- Premios económicos:
  - 1º clasificados masculino e feminina 150,00 €
  - 2º clasificados masculino e feminina 100,00 €
  - 3º clasificados masculino e feminina 75,00 €
  - 1º Clube Clasificado (masculino e feminino) 100,00 €
  - **Estes premios poderanse incrementar no caso de obter patrocinios adicionais**

Quen finalice a proba recibirá un agasallo conmemorativo da proba.

**CIRCUÍTOS:**

NADO: 2 voltas no río Avia.

CICLISMO: <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=7722609>

CARREIRA: Debido a obras no paseo fluvial do río Avia en Leiro, non se sabe exactamente o percorrido. O garantido é que será chan totalmente.

**Normas de competición**

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do *Regulamento Oficial de Competición* da Federación Galega de Triatlón e pola normativa vixente da FETRI.

**Norma anti-residuos**

Todos os envases, bidóns de ciclismo, botellas, latas, papeis..... deberán ser depositados nos avituallamentos habilitados. Colabora a deixar os circuítos igual que estaban antes do paso da carreira

**Seguridade e asistencia médica**

**Beariz**



**Triatlón**

---

Avda. Compostela nº 59 32500 O Carballiño (Ourense) . C.I.F.: G32379190 Tlf. 676185528

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Garda Civil, Policía Local de Avión e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; non obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os servizos médicos da organización destinados ao longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, quen deberán ceder o paso.

#### **Vehículos autorizados**

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen á organización non poderán transitar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

#### **Reclamacións e apelacións**

Seguindo o regulamento da FETRI, calquera participante ou técnico dalgún dos clubs inscritos poderá realizar reclamacións sobre os resultados provisionais, sobre irregularidades da organización ou sobre sancións aplicadas por parte dos xuíces e oficiais. As reclamacións deberán ser formuladas por escrito e entregadas ao Xuíz Arbitro quen revisará en primeira instancia a decisión. De rectificala, entregárase a apelación xunto coa fianza ao Xurado de Competición para que sexa este quen resolva o caso. No caso de que a apelación chegue ao Xurado de Competición, o presidente do Xurado reunirse co resto dos membros e intentará escoitar a todas as partes implicadas, estudadas as probas aportadas. Se o que realiza a apelación non puidera estar presente, os seus argumentos poden ser deixados por escrito. O incumprimento desta norma pode invalidar a apelación. Tendo escoitado todas as posibles evidencias, o Xurado retirárase a considerar a súa resolución, que será final e irrevogable. A decisión será comunicada primeiro verbalmente e despois por escrito. No suposto de que o Xuíz Arbitro ou o Xurado de Competición resolva a favor do recorrente, seralle devolto o importe da fianza depositada.

#### **Civismo e respecto**

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse o momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes. Comprométese tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización aos xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación.

**Beariz**



**Triatlón**

---

Avda. Compostela nº 59 32500 O Carballiño (Ourense) . C.I.F.: G32379190 Tlf. 676185528

**Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade vial, ao fin de evitar situacións perigosas que carrexen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.**